

# Grobas, 40 anos perdida no Candán

Unha aldea abandonada a mediados dos anos sesenta centra un proxecto de turismo rural e aproveitamento cinexético ■ A propiedade do monte veciñal do lugar suscita discrepancias nas comunidades próximas

**A Grobas nunca chegou a luz nin o asfalto.** Sumida no fondo dun val, na serra do Candán, a aldea foi abandonada nos sesenta polas dificultades de comunicación co entorno. Os propietarios actuais do lugar, unha vintena, proxectan recuperala para turismo rural e para caza, algo que cuestionan comunidades de montes da zona.

G.B.

**Forcarei** | Saír de Grobas era toda unha odisea para as catro casas que se mantiñan fai uns corenta anos. O contacto con outros lugares da parroquia de Millerada esixía como mínimo unha hora a pé por carreiros. A situación a penas mellorou. Á aldea só se dá entrada en todotreiro por unha costa de varios kilómetros, o particular 'Angliru' da Terra de Montes. O único camiño obriga a pasar polo alto de San Bieito (1017 metros) para en moi poucos quilómetros baixar ata os 500 metros de Grobas. O illamento da aldea dificultou durante as últimas décadas calquera proxecto de recuperación.

Os actuais propietarios do lugar fixéronse con Grobas no 1979. Eran 25, dos que agora restan arredor dunha vintena. O único residente en Forcarei, José Antonio Colmenero, é agora o presidente da comunidade de titulares de Grobas. "Levamos 25 anos con iso parado", admite. "Pero agora queremos facer algo en pouco tempo. A miña intención é rehabilitar a aldea para turismo rural e poñer en marcha un proxecto de aproveitamento cinexético", indica. "Agardamos o apoio e a cooperación do Concello".

**Precedentes** | A creación dunha zona de caza constitúe unha das antigas aspiracións dos actuais propietarios. Tentárono a comezos dos 80



A aldea de Grobas ubícase nun val da serra do Candán. | G.B.

## A creación dunha zona de caza constitúe unha das antigas aspiracións

pero daquela a carencia da superficie necesaria impediu o proxecto. As comunidades de montes próximas lograron un fallo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en contra da iniciativa. Colmenero considera que agora si se podería desenvolver o aproveitamento cinexético, algo que cuestiona a comunidade de montes de Fixó e Portela. O seu presidente, Aquilino Cavadas, entende que o monte veciñal de Grobas, onde se ubicaría o terri-

torio de caza, carece de propietarios desde o abandono da aldea nos sesenta. "Os propietarios de Grobas mercaron as casas e arredor de once hectáreas de superficie, pero non as 500 que ten o lugar", asegura. "O monte da aldea é veciñal en mancomun. Trátase dunha propiedade de tipo xermánico. Pertence a unha comunidade e non se pode vender". A comunidade de Fixó entende que a ausencia de veciños en Grobas impídelle ós actuais propietarios o uso do monte. "Terían que vivir alí", considera Aquilino. "A lei de montes establece que en tanto non haxa unha comunidade, o uso do monte corresponde á parroquia ou á Concellería de Medio Ambiente". As discrepancias plasmáronse fai uns anos coa construción do par-

que eólico Masgalán-Campo do Coco. Arredor de media ducia de aeroxeneradores ubicáronse no monte de Grobas, o que obriga á compañía eléctrica a pagar unha cantidade anual ós titulares do terreo. A inconcreción sobre a propiedade da superficie impediu ata o de agora o abono. Os cartos depositáanse ante a autoridade correspondente en tanto non haxa unha resolución clara do problema. A actual comunidade de propietarios de Grobas defende os dereitos sobre o monte veciñal: "Os lindes da superficie que temos figuran no documento de compra", advirte Colmenero. "Nós só queremos o noso e vemos que hai algunha xente que tenta usurpar o que nos corresponde".

## Mil cabras, vacas, pesca, caza e unha salientable produción agrícola

■ Grobas ofrecía unha terra con recursos. Amadeo Cachafeiro, un dos antigos veciños da aldea, lembra que se daban moi ben as colleitas de millo, a herba e as árbores frutais. "Había castiñeiros e tamén moitas pereiras. Tódolos anos inxertabamos pereiras nos espiños e dábanse moi ben. As maceiras era o único que non ofrecía resultado. As mazás eran duras como a pedra".

As condicións hortícolas había que sumar a caza e a pesca no río Grobas. "Había troitas todo o ano e moita caza de perdices e coellos", afirma Amadeo. O principal para a subsistencia, con todo, era a cría de cabras e de vacas. "Había mil e pico cabras. No verán nunca pasabamos falta de queixo e leite e ás veces tamén se mataba un cabrito. Non podía ser moi grande porque ó non haber neveira tiñas que comelo todo en dous días", indica. "Vacas eran menos, unhas trinta ou cuarenta, e tamén había unha parella de bois para tirar do carro. Outra cousa que se daba ben era o mel".

O lugar dispuña tamén nos últimos anos de dous muiños, catro fornos e tres hórreos, instalacións todas elas das que non quedan máis que algúns restos. Toda a aldea se atopa en ruínas.

Amadeo naceu en Grobas no 1937 e abandonou a aldea ós 19 anos no 1956, unha década antes de que o lugar se desfixera por completo. Logo da súa marcha aínda quedarían tres casas habitadas ata mediados dos anos sesenta. Foi daquela cando todos se foron, algúns á emigración, aínda que agora a maioría dos antigos veciños de Grobas vive a escasos quilómetros da aldea, en Soutelo de Montes e na propia Millerada, caso de Amadeo, que reside na aldea de Fixó. Da xente que habitou Grobas, viven aínda arredor dunha ducia.

## 'Maestro' particular para evitar os traslados

■ Grobas non era nos últimos anos máis que catro casas habitadas pero aínda así conservaba un 'maestro' propio. Era un dos poucos servizos dos que podía gabarse a aldea. "Tiñamos un maestro particular. Dábaselle casa, de comer e algo para gastos", explica Amadeo Cachafeiro. "Eu fun a clases dous anos en Millerada e para non ir tódolos días a Grobas durmía na casa dos avós. Pero o resto do tempo tiveron un maestro en Grobas". Outros servizos, caso do médico ou do cura párroco, había que procuralos fóra da aldea, igual que as transaccións comerciais de compra e venda de produtos, para as que había que acudir a Soutelo ou Millerada.

## As dificultades de construír camiños de acceso obrigou ós veciños a trasladarse

■ "Estabamos enterrados en vida. Alí non se podía vivir", sentencia Pura Moa cando se lle pregunta polos motivos do abandono de Grobas. Ela e o seu marido, Manuel Ramos, foron dos últimos en deixar a aldea. "Desfíxose sobre o 64 ou o 65", calcula Manuel. A decisión de abandonar o lugar tomouse logo dunha infrutuosa xestión co Concello para habilitar camiños de acceso. "Falárase co alcalde daquela pero non había forma", lembra Pura, agora veciña de Berrozos, unha aldea de Millerada situada ó outro lado do monte de Grobas. Para baixar a Grobas non había camiños, só congostras complicadas ata para un cabalo. "Ter un cabalo para saír dalí era coma hoxe ter un

Mercedes. A xente maior, se saía, era a cabalo, pero para volver había que ir andando porque a pendente era excesiva e igual rematabas sobre a cabeza do cabalo", explica Pura. Os lugares máis próximos, Millerada e Soutelo de Montes, obrigaban a camiñar arredor dunha hora. Outros destinos esixían ata tres horas andando. "Cando se vendían becerros, había que sacalos andando ata a estrada do alto de Masgalán, por onde pasaba o coche para Lalín. Aquelo era a escravitude máis grande da miña vida. En inverno facía moito frío e igual chegabas alí sudando e tiñas que agardar moito tempo polo coche. E o coche tardaba. Sempre chegaba tarde", lem-

bra Pura. "Os que naceran alí non notaban tanto a escravitude. Queríanlle a aquilo, pero era unha vida moi dura, da de antes, doutra vida que agora xa non coñecemos". Amadeo Cachafeiro, outro dos veciños que abandonou Grobas, lembra que non había camiños, "só carreiros". "Case non se usaba o carro. O estrume e a leña levábanse ó lombo", indica. "A un carreiro de saída chamábanlle o de malpaso porque pasabas pola pena de malpaso. Aquelo era peor que baixar unhas escaleiras de tres ou catro pisos. Se non coñecías o sitio xa non dabas pasado", explica. "E hoxe xa nada. Xa non hai quen vaia por alí. Son todo toxos, xestas, carqueixas e silvas altas".

## Extracción de estaño durante os anos corenta

■ O monte de Grobas, igual que outros próximos, foi explotado nos anos trinta e corenta para a extracción de estaño, un mineral necesario para o armamento bélico e moi cotizado. Amadeo traballou de neno nas minas na recollida do mineral. "Pagábano moi ben, a tres pesetas por quilo ou así, que para min daquela eran moitos cartos. Logo de que pecharan as minas, volveron un día para estudar a zona e coincidiu que estaba eu coa palangana no río buscando estaño. Vironme e pedíronme que os axudara lavando nas zonas que me marcaban. Cando rematamos, pagáronme 50 pesetas. Ese día si que estaba contento. Saltaba polo monte arriba".